

OLA, SON O ECOPELEGRÍN VACALOURA,
UN BICHIÑO EN PERIGO DE EXTINCIÓN.
RESPECTAME E AXÚDAME A COIDAR DO CAMIÑO.



COLABORA COA CIDADANÍA

RESPECTA. AXUDA. COOPERA. GOZA.
FAI DO CAMIÑO DE SANTIAGO
UNHA VÍA DE SUSTENTABILIDADE.
PRACTICA A SOLIDARIEDADE.
GAÑARÁS TI E OS OUTROS.

MODELO DE FICHA PARA A OBSERVACIÓN

Fainos chegar as túas opinións e os sentimentos que desperta en ti o Camiño de Santiago.

► Percepción da Paisaxe

Como soubeches que entrabas en Galiza?

Pola mudanza da paisaxe. Porque o indicaba o mapa. Non o percibin.

Que foi o máis che chamou a atención desde que pasaches de...

Pedrafitas, pola Fonsagrada ou cruzaches o Minho

As montañas. As árbores. Os ríos. Outros...

► Organización

Cal foi a túa primeira impresión acerca do Camiño na Galiza?

Desorganización. Boa organización. Non percibin diferenza co resto. Outro

► Os albergues

Califica do 1 ao 5 os albergues do Camiño facendo unha X sobre o nº: 1; 2; 3; 4; 5.

Outros establecementos hosteleiros:

Satisfactorios. Pouco satisfactorios. Insuficientes. Non utilicei.

► Aspectos sociais

Como calificarías o acollemento das xentes do lugar por onde pasa o Camiño?

Acolledoras. Indiferentes. Pouco acolledoras.

► Dotación

Consideras que o Camiño está dotado de alicientes que o complementan?

Algúns. Ningúns. Non se necesitan. Debería de haber algunha oferta asociada.

Que mudou en ti despois de facer o Camiño?

Non cambiou nada. Vexo a vida doutra forma. Outros.

Se queres explica o:

Finalmente, poderías facernos algunha suxestión para mellorar o Camiño na Galiza que é o seu tramo final ou destino?

Moitas grazas pola túa colaboración. Volta axiña.

MODELO DE FICHA DE DENUNCIA AMBIENTAL

1. Definición do impacto ambiental observado

Ex. lixo, augas suxas, vertidos nun río, acúmulo de refugallos, canteiras a ceo aberto, plásticos...

.....
.....
.....
.....
.....

2. Localización : Lugar, Concello, Provincia.

A ser posible coordenadas GPS facilitan moito o traballo.

.....
.....
.....
.....
.....

3. Valoración persoal.

.....
.....
.....
.....
.....

4. Suxestión de actuación.

.....
.....
.....
.....
.....

Enderezos para enviar a ficha de denuncia:

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

adega@adega.info

adegalugo@adega.info

Trav. dos Basquiños, 9 baixo. Santiago.

Avda. das Fontiñas, 180 entrecán. Lugo.

Consellería de Industria

Xerencia do Xacobeo

xerencia.xacobeo@xunta.es

Na caixa do correo do próximo albergue.

SEPRONA

Servizo de Protección

da Natureza da Garda Civil

TEMAS



BOAS PRÁCTICAS NOS DIFERENTES TRAMOS DO CAMIÑO

1. O LIXO

O mellor lixo é o que non producimos. Sempre a guía das tres R's (Reducir, Reciclar e Reusar). Non nos deixes o teu lixo, preferimos a túa lembranza limpa e sorrinte.

2. AS ESPECIES VIVAS DO CAMIÑO: PLANTAS E ANIMAIS

Non traías nin leves. Deixa á natureza o seu papel de escolla. Interferir o menos posible no seu labor. As flores son bonitas onde as vés, non intentes atrapar a natureza para levala contigo. Na actualidade, o problema xerado polas especies invasoras, é un dos máis graves en materia de medio ambiente. Unha especie é invasora: "cando a súa introdución e/ou difusión ameaza a diversidade biolóxica e causa serios danos á economía e á saúde.

Algúns links de interese:

- ▶ http://www.srs.fs.usda.gov/pubs/gtr/gtr_srs062 (Definición do Convenio sobre Diversidade Biolóxica CBD)
- ▶ <http://www.icsu-scope.org/downloadpubs/scope37/scope37.html>



3. AS PEDRAS DO CAMIÑO

Rochas e minerais. Podes contemplar, estudar e comparar, mais non recollas pedras. Están no seu sitio, porque ali é donde se formaron. Antes que ti pasaron miles de peregrinos e despois pasarán moitos máis. O camiño debe ser conservado como o fas coa túa casa. Galiza é un importante enclave de diversidade xeolóxica. Se gardas algo de tempo, podes deleitarte na súa contemplación ou no seu estudo.

Para máis información:

Instituto Universitario de Geología Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña).

4. A PAISAXE

Toma cantas fotografías queiras, da paisaxe e das especies vivas que atopas ao pasar. Goza có espectáculo da natureza. Implícate nel e axuda a súa conservación. Verás impactos ambientais (canteiras, canles de ríos suxos, desmontes pola construción de vias, etc.). A túa sensibilidade de paseante e de utente do camiño pode valer para defendelo e protexelo. Anota o que vexas e denúnciao.

Máis información:


IBADER/TTB (Territorio, Terreo, Biodiversidade) USC Campus de Lugo

5. A AUGA

Goza de cada regato ou río: escoita, olla e apalpa. A auga é a bendición desta Terra. Pero debe fluír limpa e viva. Respeita os regatos e os ríos. Que todos os que vexas valgan para poderte lavar neles. Axuda a denunciar os danos que percibas nas augas do camiño.

Máis info:

- ▶ <http://www.adega.info/>
- ▶ <http://www.proxectorios.com>



6. O PATRIMONIO CULTURAL E ARQUITECTÓNICO

Vas pasar por un país que está habitado desde hai máis de 2000 anos, nun territorio ocupado, case na súa totalidade, por homes e mulleres laboriosas/os que foron construíndo a súa paisaxe, harmónicamente coa súa capacidade produtiva. Polo tanto, rico en pegadas culturais materiais e inmateriais.

Máis información:

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
▶ <http://www.iegps.csic.es>

AS MONTAÑAS - OS VALES - OS RÍOS - AS ESTRADAS - AS VILAS - O TRANSPORTE - OS ALBERGUES - A COMIDA

Galiza é un territorio moi vello cunha grande diversidade de materiais xeolóxicos, que foron traballados polas forzas internas do Planeta, rachándoos levantándoos ou



afundíndoos, e polas forzas da atmósfera que as labraron século tras século. Por iso verás moitos vales e montañas formados polos movementos de estiramento ou compresión da códia terrestre. Isto facilitou



o establecemento de cultivos moi diversos aproveitando as solanas das montañas, a lentura dos fondos dos vales ou a dureza dos cumios dos montes. En todas esas partes, os homes e mulleres galegos, desenvolveron unha agricultura variada e riquísima que permitiu manter grandes excedentes de poboación que colonizaron todo o territorio, cunha peculiar maneira de se espallaren por el, desde os cumios rexos do Courel ou Cervantes até as doces beiras das mariñas. Por iso, verás moitos pequenos núcleos de poboación, que precisan campos, augas e sol, mais tamén estradas e medios de transportes de vila en vila.


Utiliza os transportes públicos cando xa non poidas máis andar. Tamén hai empresas que che facilitaran o transporte da túa "impedimenta", mentras ti camiñas. Facílitalle o labor ao chofer do autobús le-



vando escrito o teu destino para mostrarllo. Gañarás ti e tamén o ambiente, axilizando as paradas e reducindo as emisións de gases da combustión. Nas paradas emítense gases tóxicos.



Galiza é definida como un paraíso gastronómico, pola variedade de produtos locais e pola súa calidade. Procura comer produtos do País. Catarás a



súa esencia, aforrarás diñeiro, terás garantía de calidade e axudarás a aforrar combustible do transporte colaborando coa redución do efecto invernadoiro.